

# GALICIA 2040

DINÁMICA DEMOGRÁFICA E CAMBIO DE PARADIGMA.  
NOVOS ESCENARIOS DA XESTIÓN SOCIAL  
DO ENVELLECIMENTO

XOSÉ CARLOS ARIAS  
DOMINGO DOCAMPO  
MARÍA CADAVAL  
FRANCISCO ARMESTO

## CONTENIDOS

Antecedentes e resumo executivo.

1. Introducción

2. Caracterización demográfica de Galicia.

Elementos esenciais.

3. Tendencias demográficas e relacións inter e intraxeneracionais

4. Prestación de servizos. Perante o reto da dispersión

5. Dinámica demográfica e transformación do sistema de saúde

6. Edadismo en positivo e a economía prateada.

Consideracións finais

Recomendacións e propostas.

Referencias bibliográficas e documentais

*O Informe Galicia 2040 ten o reto de analizar as principais tendencias que cabe esperar para a economía e a sociedade galega nun horizonte de longo prazo, en tempos de transformacións profundas e disruptivas. O subministro de información e o coñecemento que se verte nestes documentos ten a finalidade de contribuír a dar unha visión certa da realidade, proxectala e planificala, de xeito que poida ser útil para a toma de decisións, a definición das prioridades, a mellora da coordinación entre os axentes implicados no cambio, a administración de incertezas e a imbricación na toma de decisións públicas e privadas.*

Editado en Ourense polo Foro Económico de Galicia  
Setembro 2020

## ANTECEDENTES E RESUME EXECUTIVO

Falar de perspectivas demográficas referidas a Galicia -un territorio inserido plenamente como tal en dinámicas que se prolongan máis alá das que afectan ao conxunto de España e que, coas súas especificidades, ten proxección no espazo europeo- obriga en primeiro lugar, a salientar a importancia e as implicacións de pensar o tema dende Galicia e para Galicia que permitan comprender as dinámicas dos cambios que se están a producir. Nun contexto de profundas e disruptivas transformacións, caracterizado por un alto grao de incerteza na evolución da realidade socioeconómica, cómpre observar as peculiaridades que presenta o cambio demográfico nesta comunidade e calibrar en que medida as súas dinámicas poden analizarse ao marxe dos cambios globais que son coñecidos e a partires dos cales se poden establecer os posibles escenarios que se veñen tecendo nos últimos tempos .

A adopción da perspectiva que lle é propia á análise demográfica contradíse con toda visión estática e pechada en si mesma; insta máis ben a superar a concepción estreita de reducir o réxime demográfico á súa expresión cuantitativa e a asumir, en definitiva, que tanto os aspectos cuantitativos como os cualitativos, os estritamente demográficos, como os sociais, políticos, culturais e económicos son de seu parte da poboación, intrínsecos e non cabe consideralos como externos á mesma.

Obviamente descoñécese o comportamento certo das variables vitais para describir os trazos demográficos da Galicia

do 2040 pero pódense coñecer ben as actuais dinámicas demográficas, os elementos que as determinan, a incidencia de factores que se pensaban alleos ao estudo estático da poboación e mesmo a súa previsible, aínda que incerta, evolución no curto prazo. De maneira especial, esta é a vocación do Foro Económico de Galicia, a través do grupo de traballo Galicia 2040, que con este primeiro documento dunha serie de cinco, quere contribuír a asentir as bases da Galicia próspera que se quere e alentar vías que aseguren o crecemento, o benestar e a calidade de vida da súa poboación. Para facer fronte a este proceso de reflexión estratéxica definíronse cinco grandes eixos de cambio, todos eles fortemente interconectados, e cunha visión integral: (i) tendencias demográficas; (ii) transformacións tecnolóxicas, o impacto no sistema produtivo e o emprego; (iii) o medio ambiente e a súa relación coa economía; (iv) a vertebración territorial, tendo en conta que o século XXI será o século das cidades; e por último (v) os cambios institucionais e as relacións entre os sectores público e privado.

Á hora de afrontar a primeira discusión, a demográfica, e que resulte frutífera no ámbito do Foro convén detérmonos en aspectos ben sabidos, como é que o estudo de toda poboación inclúe necesariamente diversas series de índices, gráficos, táboas e mapas que reflicten as súas vicisitudes históricas e a súa situación actual pero sen esquecer o seu carácter instrumental á hora de amosar unha situación concreta que en ningún caso responde a un “modelo idealizado” ao que se debería axustar

a poboación. Segundo, a realidade estudiada reflicte un resultado que é combinación de moitos factores: socioeconómicos, xeográficos e culturais, e tamén un elemento condicionante –aínda que non determinante– do comportamento futuro deses mesmos factores. As persoas que conviven nun determinado territorio están dotadas dunha conciencia singular, adoptan marcos organizativos e estruturas sociais comúns e comparten aspectos subs-

tanciais da visión da realidade.

Alén dos tópicos e as rutinas habituais, este documento convida a reflexionar sobre a análise demográfica de Galicia dende a explicación dun sistema que se mantén e evoluciona, que se autorreproduce e que esixe non limitar o sistema demográfico a unha mera cuestión de nacementos e mortes, senón que lle hai que engadir outros ingredientes fundamentais como son o tempo de vida e as migracións.

## 1. INTRODUCCIÓN.

A comunidade galega está a vivir unha importante transformación demográfica, socioeconómica e cultural. A súa principal particularidade está no baixo índice de fecundidade que, pese a formar parte dun fenómeno global, está entre os máis baixos do mundo. Radica aquí a importancia de abordar unha reflexión estratéxica sobre o significado e o impacto das dinámicas demográficas dende Galicia e tendo en conta as idiosincrasias propias da rexión do noroeste peninsular. O principal avance na dinámica poboacional sitúase no incremento da esperanza de vida. Este proceso poliédrico, sumado á importante emigración dos anos 1950-1970 de xoves en idade fértil –especialmente mulleres–, explica o forte avellentamento da súa poboación. Unha emigración feminina que, con menor intensidade, persiste ata tempos actuais e cuxos efectos se deixan sentir con intensidade no medio rural –onde a migración segue a producirse dende o campo á cidade incluso dentro da mesma comunidade–.

Xunto con isto, participa, con algúns

matices, da pauta de evolución da fecundidade que caracteriza aos países do sur de Europa, que mantiveran unha natalidade vigorosa, en termos comparativos, ata a década dos setenta, para entrar de seguido nunha fase de abrupto descenso que situou as súas taxas de fecundidade nos niveis máis baixos dos países industrializados do mundo, onde seguen hoxe. Isto, co aumento da lonxevidade, non fai mais que acelerar o proceso de envellecemento e supón un reto importante para o mantemento do Estado do benestar tal e como foi concibido, ao pivotar sobre a base da solidariedade interxeneracional. O impacto da revolución demográfica sobre a estrutura de idades ten un significado especial na configuración da pirámide poboacional. Amplíase a etapa infantil, prolóngase a xuventude e modifícase a idade adulta que se estende da terceira á cuarta idade, tras un acceso á vellez da maior parte dos individuos nados de calquera xeración, o que implica que vaian gañando peso relativo as persoas maiores

sobre o conxunto da poboación.

Estes cambios afectan ao modelo de asentamento territorial, ate o punto de que se pode afirmar que Galicia é fundamentalmente urbana aínda que a meirande parte do seu territorio sexa cualificado coma rural. Urbano-rural, moderno-tradicional, público-privado son os retos a afrontar tras a revolución poboacional, que debe ser compatible, á vez, cos movementos que xeran as novas ondas tecnolóxicas e dixitais que afectan ao mercado de traballo e que poden significar un avance positivo para o benestar da poboación.

Asemade, estes cambios esixen repensar e redeseñar políticas públicas e as actuacións privadas en campos tan amplos como os da sanidade e saúde, dependencia, mobilidade, economía, mercado de traballo, vivenda.... adaptadas aos novos escenarios, cunha óptica diferente á clásica. Neste documento presentamos unha reflexión estratéxica sobre a xestión do impacto dos cambios demográficos que se están a producir en Galicia e propostas sobre as liñas de actuación debatidas tras as reflexións que se produciron na xornada “Galicia 2040: O reto demográfico” que o Foro Económico de Galicia celebrou en marzo de 2020 en Santiago de Compostela<sup>1</sup>.

Neste senso, o informe estrutúrase en cinco apartados que comeza cunha breve diagnose da evolución demográfica de Galicia, no que pesan tanto factores socioeconómicos, institucionais e culturais. Constátase a inexistencia de receitas máxicas para incentivar a fecundidade mais alá do propio crecemento económico e o desenvolvemento de políticas sociais enfocadas á emancipación da xente nova e a distribución das responsabilidades de crianza entre as familias e o Estado. Ao mesmo tempo vai de seu tirar proveito da maior lonxevidade, non homoxénea e susceptible de dividirse, tal e como plantexa a Unión Europea, en activa, dependente e fráxil, o que abre unha vía de participación dos primeiros no tecido produtivo así coma novas formas de consumo e ocio dunha xeración que, a día de hoxe, dispón dun elevado nivel de renda e capacidade de consumo. Para os dependentes e fráxiles cómpre unha transformación ordenada do modelo sanitario e asistencial, cunha ollada posta na realidade da cronicidade, que impacta no cuarto pilar do estado do benestar, pero tamén nas oportunidades que abre a nova configuración poboacional. Finalmente, sintetízanse as principais consideracións e recomendacións que se tiran dos apartados anteriores.

1- “Escenario demográfico en Galicia: cambio de paradigma e mobilidade da poboación” (María Xosé Rodríguez-Galdo); “Tendencias demográficas y Estado de Bienestar: nuevas familias y apoyo a la vejez. Una reflexión para Galicia” (Dolores Puga); “Demografía y el sistema de salud y social: transformar el modelo asistencial en Galicia” (Rafael Bengoa); “Efectos de la evolución de la población sobre las infraestructuras y la prestación de servicios del Estado del Bienestar. El caso de Galicia” (Melchor Fernández)

## 2. CARACTERIZACIÓN DEMOGRÁFICA DE GALICIA. ELEMENTOS ESENCIAIS.

A caída da natalidade, o incremento da esperanza de vida e a retroalimentación das entalladuras na pirámide de idades causada polos movementos migratorios dan coma resultado unha estrutura demográfica avellentada e con escasa renovación xeracional. Malia isto, a realidade poboacional mudou ate o punto de que a partir dos 65 anos vívese máis dunha década con boa saúde, seguida doutra de declive persoal -onde se agudiza a dependencia-. Isto non sempre foi así, no ano 1975 a esperanza de vida acadaba 15 anos por riba da idade de xubilación, mentres que hoxe superan os 21 anos. Esta historia de éxito colectivo e de conquista social dunha maior e mellor lonxevidade obriga a repensar o xeito de abordar o reto demográfico.

Demografía e economía están vencelladas estreitamente e os seus efectos son bidireccionais. Por unha banda, as perspectivas sobre crecemento económico e as rendas salariais afectan ás taxas de natalidade e aos movementos migratorios e, por outra, as tendencias poboacionais teñen consecuencias de calado sobre a marcha da economía.

No relativo aos efectos da demografía adversa sobre o crecemento económico estase lonxe acadar un consenso. Hai unha corrente que trata de demostrar que a caída da natalidade e o envellecemento - comúns ó conxunto do mundo desenvolvido- constitúen unha das principais causas da caída das taxas de crecemento nas últimas tres décadas. As expectativas de baixo consumo con base na demogra-

fía suporían un lastre para os procesos de investimento, o que levaría a unha dinámica envolvente con impactos negativos sobre o comportamento da demanda e, en último termo, do crecemento económico. Nesta aproximación, a demografía sería unha causa de estancamento, de maneira semellante á acumulación de débeda. Un fenómeno que resulta máis complexo e pesante se ámbalas dúas causas interactúan entre si, como xa ten ocorrido no Xapón a partires da década dos 90. Neste momento está moi estendido o argumento de que algo parecido podería pasar tamén noutras economías industrializadas, en particular en Europa, España e Galicia no horizonte das próximas décadas.

Outras visións, máis novidasas, tenden a relativizar eses efectos negativos da demografía envellecida sobre as perspectivas de crecemento e subliña que este fenómeno pode ter a oportunidade de rachar con algunhas inercias que hoxe introducen lastres sobre a marcha da economía. Ben podería ocorrer que o envellecemento aumente a cantidade de capital por traballador o que, se vai ben acompañado por unha dinámica de cambio tecnolóxico, impulse os salarios e a produtividade. É dicir, pode o envellecemento ter consecuencias positivas no plano económico?, pode ser o envellecemento unha oportunidade e non so un problema? Que sectores poderían verse beneficiados, cales teñen percorrido de se desenvolver e medrar? A Comisión Europea ten reflexionado sobre este enfoque e desenvolveu o concepto da silver economy ou economía prateada,

que ten incluído nun catálogo de prioridades inminentes. Segundo a Oxford Economics, este concepto fai referencia á “suma de toda a actividade económica que serve ás necesidades das persoas maiores de 50 anos, incluídos os produtos e servizos que compran directamente e a actividade económica adicional que xera este gasto”. É dicir, abarca tanto as actividades económicas relacionadas co consumo como coa produción e o comercio de bens e servizos, públicos e privados para persoas maiores.

Xunto con estas oportunidades, o envellecemento plantexa tamén múltiples retos sociais en áreas moi diversas. Cómpre deterse na necesidade dun novo pacto interxeneracional, o redeseño de estruturas ou redes de coidados e apoio colectivas, os coidados sanitarios, non só de urxencia e hospitalización, senón sobre todo na atención primaria para dar resposta ao problema da cronicidade ou a unha maior lonxevidade libre de discapacidade grave; os sociais, para facer fronte ás novas demandas de servizos públicos; e económicos, vinculados tanto ao financiamento do sistema como da súa eficiencia e equidade, tamén no sistema de pensións.

É requirida unha visión integral, transversal e multidisciplinar, que considere tanto os problemas coma as oportunidades que abre o envellecemento poboacional, que pasamos a estudar.

A lonxevidade aumentou a un ritmo de tres meses cada ano dende hai máis dun século, o que sitúa a esperanza de vida ao nacer en Galicia en 83,34 anos -86,4 para as mulleres e 80,18 no caso dos homes-. O aumento de vida e a superposición de distintas xeracións cumpre o mesmo rol


que hai anos tiña a elevada natalidade no sistema reprodutivo, pero con diferencias cualitativas substanciais.

Na análise da evolución da poboación galega poden salientarse catro elementos esenciais na súa caracterización, como son a) os baixos índices de fecundidade e natalidade; b) o plurisecular pasado migratorio; c) o elevado grado de fragmentación e dispersión dos asentamentos poboacionais e d) a distribución da estrutura demográfica, cun elevado peso relativo da terceira e cuarta idade en comparación coa media estatal. Vexamos cada un deles:

a) O gráfico 1 amosa a caída do índice sintético de fecundidade tanto en Galicia como en España. Se ben, no caso galego o proceso transicional ten particularidades derivadas de que as dinámicas de mortalidade e natalidade non chegan a aloxarse tanto como noutras poboacións, fundamentalmente polo efecto dos fluxos migratorios estruturais, que contiveron o crecemento vexetativo, e o baby-boom, que foi moderado en termos comparados.

A transición demográfica vense producindo dende principios do século XX, cando a mortalidade se tiña distanciado da natalidade ata un 25%. Esta tendencia descendente mantívose coas únicas excepcións da mortalidade pola gripe do 1918 e a Guerra Civil, ata os anos sesenta nos que acadaron taxas en torno ao 10%. A fecundidade estaba tamén en retroceso, cunhas taxas brutas en torno ao 30%, en caída ata os anos noventa nos que as taxas brutas esta-

### Gráfico 1. Índice sintético de fecundidade




Fonte: elaboración propia, INE.

ban ao redor do 7%. A finais dos oitenta deuse por finalizada esta transición demográfica en Galicia, polo que hai xa trinta anos que a súa poboación é pos-

transicional (gráfico 2). A implicación disto é que, en ausencia de migracións importantes, a súa poboación non volverá a medrar de xeito natural.

### Gráfico 2. - Transición demográfica en Galicia 1900-2015




Fonte: Puga, D. (2020)



Este cambio na tendencia demográfica dende mediados do século XX amosa estancamento e regresión, o que contrasta coa evolución progresiva da poboación española que tivo o

seu boom na década dos cincuenta e dos sesenta, cun descenso máis tardío e posterior ao galego, tal e como se ve no Gráfico 3.

Malia esa diferenza, antes ou des-




Fonte. Elaboración propia, INE.

pois tódolos países europeos teñen chegado xa á etapa final da transición demográfica, tras rexistrar unha caída significativa das taxas de natalidade e mortalidade, cun feble crecemento vexetativo que nalgúns casos é negativo, coma sucede en Galicia, aínda que non sempre implica una caída da poboación si é compensado coa chegada de inmigrantes. Este non é o caso da poboación galega,

que tal e como se pode comprobar no Gráfico 4, experimentou un crecemento ao longo do século XX - pasou de 2.073.638 habitantes no ano 1900 ata os case 2.800.000 en 2010- ata que se produxo o punto de inflexión, a partires do cal mantén un constante descenso na última década ata acadar un total de 2.700.269 persoas o 1 de xaneiro do 2020, segundo o IGE



Gráfico 4.- Evolución da poboación de Galicia




Fonte. Elaboración propia, IGE.

A consecuencia inmediata disto é o cambio que se produce na estrutura por idades da poboación, cada vez máis vertical e composta por un número maior de estratos caracterizado por menos nenos e longas traxectorias vitais, tal e como se reflicte no gráfico 5. O aumento do peso relativo da poboación maior leva a falar de envellecemento demográfico, mais ha de facerse con matices. Se no ano 2002 había ao redor de corenta mil persoas de máis de 90 anos, hoxe son máis do dobre, superan os 90.000. O peso relativo da poboación maior de 75 anos supera o 13%, catro puntos e medio máis que a comezo deste sé-

culo, cun incremento do 47%. Esta evolución cara a un maior peso relativo dos maiores hai que poñela en contraste coa evolución dunha lonxevidade en saúde o que segundo algúns demógrafos, significa non un envellecemento, senón todo o contrario, un rexuvenecemento, ao tempo que a traxectoria vital de cada xeración é mais longa. Así, xa é habitual prescindir da división antiga da vida en tres idades -infancia, adultez e vellez- para incorporar dúas máis, a adolescencia e a xerontoadolescencia (Kalache, 2009), que se deberán ter en conta á hora de facer proxeccións económicas futuras.

**Gráfico 5.- Evolución da poboación galega por grupos de idade. 2002-2019**



Fonte. Elaboración propia, IGE.

A demografía, sinónimo de natalidade, migracións e familia, atopa no primeiro compoñente un comportamento singular a reseñar. A natalidade en Galicia é non só mais baixa que a media do conxunto nacional senón que se produce cada vez nunha idade mais tardía. Non hai mais que ver no gráfico 6 cómo teñen evolucionado os nacementos segundo a idade da nai entre o ano 2002 e o 2019. Cada vez nacen menos nenos de nais con menos de 24 anos, cunha baixada significativa


da natalidade entre os 25-34 anos, situación que retarda os nacementos á franxa de 40-49 anos. Así, mentres no ano 2002 o 79% dos nacementos se producía en mulleres con menos de 35 anos (38% deles entre 30-35), no ano 2019 son o 53% ao tempo que cada vez é maior a porcentaxe de fillos que nace entre os 35-39 anos, cun aumento significativo entre os 40-44 anos. A principios do S.XXI o 98% dos nenos nacían en nais con menos de corenta anos mentres no 2019 para aca-

dar esa taxa hai que incluír tamén ás nais que teñen ate 45 anos. Este retraso na idade reprodutiva non é unha cuestión azarosa, senón que se consolida pegada á evolución do ciclo económico.

Unha ollada en paralelo sobre os anos de maior expansión económica recente, revela que entre o 2002-2008 os nenos

nacían maioritariamente en nais novas, as primíperas anosas eran menos de 34 anos, circunstancia que mudou precipitadamente a partires do 2009 e continuou na última década. A medida que a economía entrou en recesión foise atrasando a idade reprodutiva, primeiro ata os 35-39 anos e despois aos 40-44.

**Gráfico 6. Nacementos segundo a idade da nai 2002-2019**



Elaboración propia. IGE

A situación económica, o comportamento do mercado de traballo, as elevadas taxas de desemprego e precariedade entre os menores de 34 anos, levan consigo o difícil reto da emancipación familiar. Este retraso no calendario laboral ten un efecto directo sobre a decisión da natalidade tardía, ao que hai que engadir os problemas de conciliación e a falta de medios para atallados, a pouca

corresponsabilidade social na crianza dos pequenos, ademais das trabas de promoción laboral ás que se enfrontan as mulleres en idade reprodutiva e con fillos, que fan necesaria a adopción de medidas políticas, económicas e sociais que permitan o libre exercicio da natalidade.

A baixa taxa de fecundidade non é un caso illado de Galicia, é un comportamento propio das poboacións postransi-

cionais, mais que algúns países conseguiron revertir nos últimos anos, como son Francia ou Suecia, que recuperaron unha taxa de fecundidade de 1,9 e 1,8 fillos por muller, respectivamente, despois de décadas de investimento constante e intenso en políticas sociais e familiares. Isto indica que, aínda que a tendencia da natalidade sexa decrecente, non hai que resignarse a manter un índice sintético de 1,02 fillos por muller coma o que arroxa Galicia no 2019. Queda percorrido e marxe de actuación para tratar de acadar unha taxa próxima á de reposición. Pero isto non pode quedar só ao abeiro das decisións individuais, require tamén dunha aposta decidida e mantida no tempo de políticas públicas e crecemento económico que faciliten as condicións de vida e de reprodución dunha poboación nova á que ha de reterse primeiro e de manterse despois.

A mellora no nivel de emprego, a estabilidade laboral, os apoios institucionais para conciliar vida familiar e laboral e unha maior “desfamilización” do coidado, facilitarían o maior nivel de fecundidade e, alomenos, aproximar as preferencias reprodutivas á realidade.

b) A emigración ten acortado a transición demográfica e xogado un papel decisivo na configuración poboacional descrita. Unha emigración que ten afectado especialmente ás áreas rurais, primeiro cara América e despois con destino a países da vella Europa ou ó resto de España. Xunto con iso, nas últimas décadas do século pasado experimentáronse fondas alteracións de ubicación da poboación a carón dun proceso de urbanización xeneralizado ao que se in-

corporaron as áreas metropolitanas de Galicia. Así, cando se fala de mobilidade da poboación debe entenderse que se está a falar tanto de movementos globais onde caben as manifestacións da clásica emigración coma os movementos migratorios cara as cidades. O resultado interno é que a poboación está concentrada dentro da comunidade en moi poucas áreas, o que revela un saldo migratorio desfavorable para o 80% dos concellos e positivo para outro medio cento que son periféricos ás sete cidades centrais (Arteixo, Bergondo, Cambre, Culleredo, Oleiros e Sada (área da Coruña), Narón (área de Ferrol), Ames, Brión, Oroso e Teo (área de Santiago de Compostela), Barbadás, Pereiro de Aguiar e San Cibrao das Viñas (área de Ourense) e Gondomar, Nigrán, Salceda e Soutomaior (área de Vigo)), ou ben cabeceiras de comarca (Cee, Carballo, Ordes, Sarria, Monforte de Lemos, O Barco de Valdeorras, O Carballiño, Verín, Xinzo de Limia, Caldas de Reis, Lalín, Pontearreas e Vilagarcía de Arousa, entre outros) ou áreas dinámicas economicamente (comarcas de Betanzos, A Mariña lucense, O Morrazo, O Salnés e O Rosal). Con todo, a inmigración dentro da comunidade galega é un fenómeno relativamente recente, que se sitúa temporalmente a finais dos anos noventa e que amosa un resultado discreto no conxunto español, tanto por volume absoluto de poboación radicada no seu territorio coma en termos relativos –por debaixo do 2% nacional–.


Por outra parte, a evolución dos residentes estranxeiros –inmigrantes– é moi dependente do ciclo económico e tense manifestado con certo retardo. Xeografi-

camente foron as provincias do eixo atlántico as que máis atractivas resultaron para os inmigrantes, moitos dos que volveron a saír a partires do ano 2012, cando sufriron un revés significativo por mor da crise económica.

O saldo migratorio –resultado de comparar as entradas e as saídas de poboación– amosa unha feble demografía

de Galicia, con escaso crecemento pola vía da inmigración e unha elevada tendencia á saída dos autóctonos, sobre todo cando o ciclo económico é adverso. Neste suposto a saída prodúcese cara ao estranxeiro, namentres que nas etapas de crecemento, reflicte tamén un saldo migratorio negativo cara o resto de España (gráfico 7).

**Gráfico 7. Saldo migratorio interautonómico de Galicia (2008-2019)**



Fonte: Elaboración propia, INE.

c) As entradas e saídas non homoxéneas e as migracións internas amosan a importante dimensión territorial dos movementos demográficos. Neste senso a poboación galega caracterízase por un comportamento de asentamento no territorio bipolar, é dicir, combina un elevado grao de fragmentación e dispersión cun acusado proceso de concentración ao

redor das sete cidades máis grandes e concellos cabeceiras de comarca.

Dan conta do primeiro as 30.347 entidades singulares de poboación, un 49,1% do total español, das que seis de cada dez (27.606) teñen menos de 100 residentes e representan o 91,1% do total estatal (2 puntos máis que antes da crise de 2008). Ao lado disto, hai zonas den-

samente poboadas (ZDP) -as sete cidades galegas- que concentran o 36,7% da poboación en 2019 e ocupan tan só o 3,35% da superficie. Si se consideran conxuntamente estas ZDP e as zonas intermedias de poboación (ZIP) altas, pódese concluír que no 12,7% do territorio residen máis

do 65% dos galegos. As ZIP baixas e as zonas pouco poboadas (ZPP) altas e intermedias acollen o 22,5% da poboación e supoñen o 20,4% da superficie. Por contra, nas ZPP consideradas baixas residen o 14,4% da poboación galega cando a súa superficie representa o 64,8% de Galicia.

### Cadro 1.- Distribución da poboación galega 2019.


	Poboación	Superficie	Densidade poboación
Galicia	2.700.269 hab.	29.576,8 km2	91,3 hab/km2
Zonas Densamente Poboadas (ZDP)	36,7%	3,3%	991,6 hab/km2
Zonas Intermedias (ZIP) altas	28,4%	9,4%	274,2 hab/km2
Zonas Intermedias (ZIP) baixas	8,4%	5,9%	141,7 hab/km2
Zonas Pouco Poboadas (ZPP) altas	7,4%	7,7%	88,7 hab/km2
Zonas Pouco Poboadas (ZPP) intermedias	4,6%	8,9%	48,3 hab/km2
Zonas Pouco Poboadas (ZPP) baixas	14,4%	64,8%	21,0 hab/km2

Fonte: Fernández, M. (2020)

Esta realidade debuxada sobre o mapa revela que a franxa atlántica é a que amosa a maior densidade de poboación e as provincias de Lugo e Ourense son aquelas nas que predominan as zonas pouco poboadas, cun subgrao de urbanización baixo, salvo nas capitais (mapa 1). A densidade

de poboación diminúe de xeito significativo a medida que cae o grao de urbanización, ate situarse en 21 habitantes por quilómetro cadrado (hab/Km2) nas ZPP consideradas baixas ou 48,3 hab/km2 no caso das ZPP intermedias, cando a media é de 91,3 habitantes por quilómetro cadrado.

### Mapa 1. Distribución da poboación galega segundo o grao de urbanización (2018)




Fonte: IGE

Si se descende na análise, o mapa 2 amosa a situación a nivel parroquial e reflicta que moitas parroquias de Galicia están practicamente despoboadas, cun limiar de entre 8 e 12,5 habitantes por quilómetro cadrado.

## Mapa 2. Densidade de poboación por parroquias. 2018

Año 2018  
Habitantes por kilómetro cuadrado

0 - 8
8 - 12,5
12,5 - 50
50 - 100
100 - 150
150 o máis




Fonte: IGE

d) Tra-la descrición cuantitativa cómpre pararse na cualitativa e ver a distribución da estrutura demográfica segundo o peso relativo das distintas idades e a radiografía familiar. A composición poboacional por idades ven recollida nos mapas 3 e 4, que

amosan unha concentración de poboación envellecida na franxa atlántica, aínda que a maior intensidade do envellecemento (poboación > de 74 anos sobre o total) dáse nas áreas do interior. Mais, que consecuencias ten isto?


Año 2018  
Personas maiores de 74 anos por kilómetro cuadrado

0 - 2,5
2,5 - 5
5 - 7,5
7,5 - 12,5
12,5 o máis





## Mapa 4.- Intensidade do envelhecimento (2018)



Fonte. Fernández, M. (2020)

Cando as familias permanecen nun mesmo entorno xeográfico é habitual que se establezan vínculos de intercambio e apoio en tódalas etapas vitais. A emigración, o nivel educativo e a idade téñense convertido en determinantes dunha maior distancia física, o que converte a determinadas zonas do territorio galego en especialmente vulnerables. As poboacións que envellecen nas áreas rurais, boa parte das mesmas zonas de orixe dos intensos fluxos migratorios durante as décadas centrais do século XX, son na actualidade

áreas de elevada homoxeneidade xeracional, é dicir, os maiores envellecen entre maiores, o que aumenta a vulnerabilidade social. O índice de diversidade etária (ou o que é o mesmo, a probabilidade dun veciño de atoparse con outro dun grupo de idade diferente ao seu) é escaso na franxa interior, o que significa que o tecido social é máis feble ao paso do tempo, pois vai diminuindo a medida que se avanza na velez e tódolos individuos se someten simultaneamente aos riscos asociados á idade e supervivencia.

### 3. TENDENCIAS DEMOGRÁFICAS E RELACIÓNS INTER E INTRAXENERACIONAIS

As consecuencias dos catro trazos máis característicos da transición demográfica descrita no apartado anterior teñen reflexo na composición da sociedade actual, pero sobre todo futura, polo que se fai preciso estudar o seu impacto dende unha óptica prospectiva, tendo en conta que a demografía involucra tanto a actores sociais, institucionais, empresariais, asociativos e familiares. Neste punto cómpre avanzar para dar resposta ás seguintes preguntas, É válido o sistema de redistribución e solidariedade interxeneracional pensado para un momento no que a poboación era crecente e nova? Hai un tecido familiar suficiente de apoio para o coidado dos maiores? Está plantexado o sistema de saúde de xeito adecuado? Son as cidades saudábeis e sostibles? Están as empresas preparadas para atender as novas demandas de nenos e maiores? Que papel xoga a economía prateada no tecido económico?

O cambio na esperanza de vida transforma as traxectorias das xeracións nadas a partires da década de 1980. A pesar de que se produce unha coexistencia

entre xeracións, a mais nova gañou vinte anos de vida libre de vínculos de potenciais consumidores de coidados, dado tamén o retraso das transicións biográficas na formación das familias. A tardía fecundidade e o aumento da escolaridade das xeracións máis novas farán que as xeracións do futuro convivan con fillos adultos máis tempo do que era habitual, despois dos cincuenta anos. Isto ten consecuencias sobre a provisión de apoio interxeneracional.

A xeración nada entre o 1935-1939, a maior hoxe, contaba coa presenza de cónxuxe no 75% dos casos, fillos adultos o 82% e nai viúva o 42%. A seguinte xeración terá maioritariamente fillos maiores, o 84%, se ben a presenza da parella baixa ate o 60% e duplica a presenza de nai viúva ao inicio da vellez, un 79%. A demanda de apoio desprázase cara arriba e cara abaixo- proporciona apoio simultáneo a netos e maiores, tal e como estima Puga (2020) e reflicte nos datos do cadro 2.

**Cadro 2.- Existencia de distintos vínculos familiares a través do curso da vida (probabilidade á idade x)**

	Ambos pais		Nai viúva		Parella		Fillos en crianza		Fillos adultos	
	1935-39	1965-69	1935-39	1965-69	1935-39	1965-69	1935-39	1965-69	1935-39	1965-69
<b>40 anos</b>	49,6	78,1	33,8	17,0	85,6	76,5	86,3	83,0	38,0	13,2
<b>50 anos</b>	16,0	57,8	56,2	33,2	82,7	67,7	22,1	44,0	78,3	63,0
<b>60 anos</b>	0,0	9,5	42,8	69,6	74,6	60,9	1,6	4,2	81,6	84,0
<b>70 anos</b>	0,0	0,0	0,0	2,7	58,4	53,7	0,0	0,0	80,8	84,7

(1) considéranse dúas xeracións: as persoas nadas entre 1935-39 e as que o fixeron entre 1965-69

Isto require, cando menos, do redeseño das estruturas colectivas de apoio e das políticas de coidados de longa duración. Na medida en que os fogares evolucionan cara unha maior intraxeneracionalidade surxen problemas no caso de que os vínculos interxeneracionais diminúen. Era habitual que as xeracións pasadas chegasen á vellez arroupados por densas redes de vínculos interxeneracionais que se foron facendo máis pequenos e permeables, ao descender non só a presenza de fillos e cónxuxes senón tamén de irmáns, curmáns, sobriños, etc. Un 9% da poboación ten, a día de hoxe, pais pero non parella, nin fillos nin irmáns cos que compartir estas responsabilidades.

As redes pasaron de ser horizontais (intraxeneracional) –con presenza maioritaria de cónxuxe e fillos adultos- a verticais (interxeneracionais), con apoio das xeracións maiores cara abaixo e cara arriba. Cando as xeracións tardías cheguen á madurez o apoio de fillos adultos será semellante ao actual mentres que o 10% contará aínda con pais vivos demandantes de axuda. Na vellez, 75 anos ou mais, as diferencias de vínculos familiares diminuirán, se ben por motivos diferentes –antano por falecementos, agora por decisións voluntarias de disolucións matrimoniais-.

As novas redes verticais de apoio, que basculan sobre a duración dos vínculos mais que sobre o seu número, converte as redes familiares en febles e vulnerables, ate o punto de que as migracións alteran

notablemente as transferencias posibles entre xeracións. A falta de proximidade é tamén un indicador de carencia de reciprocidade de apoio nos coidados. Neste aspecto son especialmente vulnerables a poboación que envellece nas áreas rurais, onde a homoxeneidade xeneracional é moi alta.

Neste ámbito, en Galicia –ao igual que no resto de Europa- a radiografía potencial da configuración dos fogares dos maiores camíña cara a vivendas individuais, protagonizados por mulleres, que gañaron saúde e capacidade financeira, e que perderán a súa autonomía residencial en idades mais avanzadas cando se convertan en dependentes, aos 85 ou 90 anos –e non coma antes no momento da viuvez-. A perda de autonomía retrásase cada vez mais, pero a presenza crecente de fogares nos que viven as persoas fráxiles e soas esixen a conformación dunha serie de sistemas de prevención e seguimento que garantan o benestar e a seguridade. Isto esixe un redeseño das políticas de coidados de longa duración, con máis atención parcial, con xestores e provisores de servizos con complementariedade de fluxos públicos e privados. Cómpre poñer a mirada non só na configuración de centros residenciais para a acollida de maiores, senón na adaptación dos fogares dos maiores ás novas realidades, atención personalizada na contorna, etc., mais aínda tras a experiencia vivida e as ensinanzas aprendidas durante a pandemia da Covid-19.

## 4 . PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE ATENCIÓN A MAIORES. PERANTE O RETO DA DISPERSIÓN


A Lei 39/2006, de 14 de decembro, recolle na súa exposición de motivos que ten por obxecto aplicar unha política social capaz de atender as necesidades dos coidados de longa duración e da dependencia. Na práctica, aínda que o modelo non conseguiu dar a resposta precisa nin a tempo, avanzou significativamente no recoñecemento dos dereitos a recibir os coidados necesarios para manter unha vida digna no entorno habitual das persoas independentemente da súa situación familiar. Isto constitúe un factor esencial para o benestar futuro da poboación e podería ser tamén un pilar de consolidación demográfica nas áreas “vaciadas”, habitualmente rurais.

O Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD), supuxo un punto de inflexión na atención aos dependentes tras a creación de centros públicos, concertados e axudas directas. Segundo os

cálculos de Fernández (USC), Galicia tiña recoñecidos a finais do 2019 algo máis de 70.000 dependentes, dos que o 88% está a recibir os servizos correspondentes que se recollen na lei mentres que un 12% está en lista de agarda.

Pero, realmente estes datos recollen as cifras reais da dependencia en Galicia? Si se compara a demanda rexistrada coa potencial, a enquisa estrutural de fogares que elabora o IGE estima que a dependencia ten una incidencia do 4,4%, o que multiplica por mais de dous aos beneficiarios rexistrados no SAAD (2,04%). A estes habería que engadirlle a poboación que vive nos centros residenciais, dos que máis do 80% son dependentes e que o IGE non inclúe nos datos anteriores. En termos relativos e comparativos co resto do estado, tendo en conta que o peso da poboación de 65 anos sobre o total de habitantes supera o 25%, a relación de solicitudes

**Gráfico 8.- Relación solicitudes por habitante e peso relativo da poboación de 65 e máis anos (2019)**




Fonte. Fernández, (2020).

de dependencia sobre o total é do 2,99%, está moi por debaixo da media española, segundo a cal lle correspondería o dobre (gráfico 8). Por exemplo, si se compara con outras comunidades con peso relativo de poboación maior semellante, como son Castela e León ou Asturias, a relación de solicitudes supera con creces á galega, con 6,09 puntos no primeiro caso e 4 no segundo, moi por riba de Galicia. Cabe, pois, tirar unha primeira conclusión desta evidencia que é que o sistema de dependencia en Galicia ten dificultades reais para chegar a tódalas persoas, non só na prestación senón tamén na propia solicitude dos servizos.

Cando se baixa ao detalle sobre a composición do sistema obsérvanse tamén diferenzas prestacionais. A carteira de servizos en Galicia prioriza a prestación directa, con predominancia da axuda a domicilio fronte á residencial, mentres en España o peso relativo das prestacións económicas do coidado familiar son predominantes, seguidas dos servizos en atención residencial. A propia idiosincrasia galega condiciona o menú de servizos, se ben na última década houbo un cambio significativo na súa oferta que evolucionou a favor da axuda a domicilio e houbo un descenso importante das prestacións económicas directas por coidado dun familiar (gráfico 9).

**Gráfico 9.- Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia. Prestacións 2009- 2019**



Fonte. Fernández, (2020).

Así, a axuda a domicilio é seguida pola atención residencial, que constitúe o servizo tradicional máis importante dirixido a persoas con dependencia funcional e/ ou cognitiva, mentres se consolidaron os

centros de día coma un recurso de proximidade e apoio ás familias que demandan a conciliación da vida familiar e laboral dos coidadores, sobre todo no ámbito urbano.



### Gráfico 10.- Prestacións de servizos




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do SISAAD

En termos comparativos coa media nacional, o índice de cobertura segundo os servizos sociais orientados a maiores, recollido no gráfico 11 para o ano 2019, reflicte unha semellanza na prestación galega no grao de cobertura dos centros de día –que a logra con menos establecementos e máis prazas por cen-

tro-, pero distánciase na axuda a domicilio e na atención en residencias -mais dun punto por debaixo da media-, nas vivendas para maiores e, sobre todo, na extensión dos servizos de teleasistencia, case oito puntos por debaixo da media, ao que lle queda un longo camiño por recorrer.

### Gráfico 11.- Tipoloxía de servizos sociais orientados a maiores<sup>2</sup>




2. 1) Índice de cobertura:  $(\text{personas usuarias}/\text{población} \geq 65) * 100$

O menor peso relativo da atención en centros residenciais prodúcese despois dun aumento do número de prazas significativo no último lustro, un 15% mais, das que o 75% corresponden a centros

de iniciativa privada e o 25% restante son de titularidade pública, segundo os datos do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) resumidos no gráfico 12.

**Gráfico 12. Variación de prazas en centros de atención residencial 2012-2018**



Fonte. Elaboración propia a partir de RUEPSS

Malia ao esforzo realizado para incrementar as prazas de atención residencial, cómpre salientar que o grao de cobertura do servizo está lonxe de dar resposta ás

necesidades reais da demanda, tendo en conta a distribución da poboación potencialmente usuaria das residencias no territorio (cadro 3).

**Cadro 3.- Evolución da cobertura dos centros de atención residencial e centros de día 2012 e 2018**

Prazas por cada 100 residentes maiores 74 anos	Atención residencial		Centros de día	
	2012	2018	2012	2018
<b>Escasa (&lt;2.5)</b>	33,13%	28,92%	62,61%	43,60%
<b>Excesiva (&gt;10)</b>	11,20%	12,38%	0,21%	0,23%

Fonte: Fernández (2020).


A quinta parte dos maiores de 74 anos viven en lugares onde a cobertura dos servizos de atención residencial non chega, é nula ou moi deficiente, o que se reflicte nun índice de atención residencial e centros de día que é escaso no 28,92% e 43,60% dos casos, respectivamente. Estas porcentaxes medias elévanse nalgúns lugares á ausencia absoluta destas in-

fraestructuras, como se recolle no mapa 5, o que convive co outro extremo, onde a atención residencial é excesiva ata nun 12,38%, é dicir, sobran prazas. Semella haber unha falta de adecuación territorial entre a demanda de servizos, que vai mudando, e a oferta, que moitas veces permanece estática, o que require dunha revisión e adaptación proactiva.

### Mapa 5.- Prazas en residencias por cada cen maiores de 74 anos. 2018

Año 2018  
Plazas en residencias en 5 kms por cada 100 habitantes maiores de 74 anos

- Sin plazas
- 0 - 2,5
- 2,5 - 5
- 5 - 7,5
- 7,5 - 10
- Más de 10




Este exceso non se aprecia para os centros de día, concibidos coma un recurso de proximidade e conciliación, que están ausentes na meirande parte do territorio galego e intensamente concentrados na contorna urbana, deixando desatendida a demanda naqueles lugares onde a dispersión da poboación é maior (mapa 6). A iniciativa privada prové máis do 60% da oferta mentres que o resto corresponde ao sector público, vinte puntos por debaixo da media estatal.

Estas evidencias e diferencias en relación á cobertura e configuración dos servi-

zos sociais básicos exhiben unha marcada heteroxeneidade territorial con problemas propios derivados da ocupación dispersa do territorio e a diferente composición da poboación segundo as áreas. Sirva este primeiro exercicio de mapear os diferentes graos de cobertura do sistema de atención a maiores e dependentes como paso previo a unha reestruturación das prestacións no seu conxunto, pensada segundo as prospeccións feitas e as necesidades reais da poboación, que derive nun cambio inminente da organización dos servizos sociais e de axuda á dependencia.



## Mapa 6. Prazas en centros de día por cada cen maiores de 74 anos. 2018



Fonte. Fernández (2020)

## 5. DINÁMICA DEMOGRÁFICA E TRANSFORMACIÓN DO SISTEMA DE SAÚDE

Se a dinámica demográfica apunta cambios no ámbito dos servizo sociais básicos, non é menor o reto transformador do modelo sanitario e de prestación de servizos asistenciais. Espérase que a proporción de persoas con máis de 65 anos na UE en relación coas que teñen entre 15 e 64 anos aumente dende o 28% do 2015 ate o 50% no 2060. En promedio, o consumo de atención médica aumenta coa idade, o que da como resultado que a demanda sanitaria tamén se incrementará significativamente en Europa. Novas demandas con prevalencia de enfermidades crónicas, polimedicalización e dependencia marcan a radiografía dos maiores de 80 anos, cada vez con máis presenza. Para a atención destas –e doutras– patoloxías Galicia conta con case medio millar de centros de saúde, 91 PACs (puntos de atención continuada) e 32 hospitais públicos<sup>3</sup>. O gasto sanitario galego superou os 3980 millóns de euros no ano 2019, o que representa o 34,5% do orzamento total da Xunta. Si se ten en conta que nos vindeiros catro anos a sanidade terá un impacto demográfico semellante ao dos últimos 40, cunha das maiores taxas de envellecemento e cronicidade de Europa, semellan quedar dúas opcións para seguir atendendo aos cidadáns, ou ben dedicar practicamente tódolos recursos orzamentarios a sanidade ou mudar radicalmente o modelo cunha atención especial posta na cronicidade, que certifica o 91,3% dos falecementos anuais na comunidade, segundo apuntaron Bengoa e Pose (2020).

É un feito constatado que a esperanza de vida dos galegos medrou mais de catro anos nas últimas dúas décadas, por riba da media española, se ben non o fixo de xeito acompasado a calidade de vida. Un de cada tres cidadáns padece un proceso crónico, proporción que sobe a 3 de cada 4 para os maiores de 65 anos. Este dato fai repensar a concepción estrutural do sistema, que agora dedica grande parte dos recursos a infraestruturas hospitalarias para tratar enfermidades graves (56%), pero moitos menos recursos á prevención, atención primaria ou ambulatoria. Deste xeito, e aínda que as administracións fagan cada vez un maior esforzo orzamentario relativo para destinar recursos á sanidade no sentido amplo, o número de potenciais beneficiarios medra máis que proporcionalmente e a espiral retroalimentase nun xogo imperfecto no que é chave non só aportar mais recursos a unha partida con demanda infinita senón unha actuación decidida dende a base, cunha transformación coherente e ordenada do modelo, que afecte ao xeito de vida das persoas, Cara onde?

O potencial de aforro e de ganancia de eficiencia e calidade no sistema provén das transformacións que xa teñen encetado países coma Suecia, Dinamarca ou Canadá. O cambio –que non necesariamente ten que ser incremental– debe mudar progresivamente o patrón asistencial cara a un modelo máis preventivo e con adaptación continua ás novas necesidades da poboación.


3- 4 na cidade da Coruña, 1 en Cee, 3 en Ferrol, 1 en Riveira, 4 en Santiago, 3 en Lugo, 1 en Burela, 1 en Monforte, 4 en Ourense, 1 no Barco de Valdeorras, 1 en Verín, 2 en Pontevedra, 5 en Vigo e 1 en Vilagarcía.

O actual sistema atende ben aos pacientes complexos, o 1%, que consumen o 30% do orzamento sanitario, dos que boa parte non chegarían a selo si se actuase a tempo. Na medida en que é posible monitorizar moitas das doenzas crónicas e anticipar as súas consecuencias coa axuda da tecnoloxía e a big data, pódense deseñar plans individualizados de tratamento e facer seguimento dos pacientes que eviten un potencial paso polas urxencias e servizos de atención hospitalarias. Se o servizo socio-sanitario os atende convenientemente con carácter preventivo, os doentes poderán recibir coidados á carta, personalizados e na súa contorna, o que

engade maior benestar individual e un aforo importante para o sistema.

Esta transformación estratéxica da sanidade require, en primeiro lugar, dunha coordinación socio-sanitaria que combine a asistencia nos centros de saúde coa domiciliaria, para o que deberá dotarse progresivamente de medios telemáticos que permitan esta imbricación, tal e como se amosa no Gráfico 13, que recolle que a actual estrutura fragmentada e parcial de atención debe dar paso a un sistema integrado de saúde onde os compartimentos estancos pasen a estar interconectados a través das organizacións locais integradas.

### Mapa 6. Prazas en centros de día por cada cen maiores de 74 anos. 2018



Fonte: Elaboración propia a partir de Bengoa, (2020)

Os centros de saúde han de redefinir o seu rol, ofrecer tratamentos individualizados coa proactividade clínica dos médi-


cos de familia e a incorporación paulatina da enfermería familiar e comunitaria na atención domiciliaria, en coordinación

cos servizos sociais e cos terapeutas ocupacionais. Este novo rol permitiría detectar e anticipar intervencións menores sen ter que esperar a que se produza o rescate nos momentos agravados e críticos.

Para levar a cabo a devandita transformación hai unha gran cantidade de ferramentas de xestión, entre as que re-

saltan a aplicación das novas tecnoloxías e innovación (telemedicina, telecoidados, telemonitorización...), a estratificación, o fomento da innovación dende os profesionais e a participación do terceiro sector e da sociedade civil, cunha xestión proactiva da poboación que permita des-  
plaza-la curva necesidades-gasto que se debuxa no gráfico 14 cara abaixo.

**Gráfico 14. Xestión proactiva da poboación**



Mais a xestión proactiva do sistema sanitario non é o único elemento que inflúe nas condicións nas que chega unha persoa á terceira e cuarta idade, pois isto non é só unha cuestión azaroso-xenética ou do sistema- senón que hai un compoñente importante de responsabilidade individual e colectiva. O coidado da saúde, os hábitos saudábeis, a actividade –física e cognitiva- ou a implicación social son algúns dos factores esenciais para envellecer ben

a nivel individual e social. O envellecemento activo prevé e alonxa o momento da dependencia, polo que os recursos dedicados a estes cuidados preventivos serán no futuro tamén aforro para a medicina curativa. En definitiva, maior responsabilidade colectiva e individual, así coma interconexión para a anticipación son factores determinantes para que o incremento na esperanza de vida se faga de xeito ordenado e sen causar distorsión no sistema.

## 6. O EDADISMO EN POSITIVO E A ECONOMÍA PRATEADA

A configuración descrita da sociedade que avanza e se transforma cara ao horizonte 2040 define un perfil poboacional diferente, cuxas implicacións se estenden a múltiples campos, aínda que todos eles teñen un reflexo no eido económico. A economía prateada ou economía do envellecemento fíxase na demanda de bens e servizos das persoas maiores de 55 anos e a oferta que se focaliza neles, entendendo que hai unha adaptación para a súa elaboración e prestación. O conxunto de bens e servizos demandados pola poboación sénior alterase e así tamén a importancia relativa do gasto que realizan sobre o total. Vivir mais tempo e con maior calidade de vida abre novas posibilidades de mercado para produtos e servizos que se consumen, o que debe levar a recoñecer un edadismo en positivo.

Este segmento da poboación é cada vez máis importante a nivel mundial e tamén a cantidade e variedade de produtos que consume, estimado en máis de 11 billóns de euros no ano 2019 –seis veces o PIB español-, e emprega ao 37% do total na UE, onde xa supón un terzo do consumo privado e beneficia a tódolos eidos da economía, con especial relevancia ao sector farmacéutico, biosanitario, inmobiliario, financeiro, de ocio e turismo, cosmético, estético, alimentario, de transporte, tecnolóxico e de servizos.

Cada vez máis os maiores chegan en mellores condicións a unha terceira idade na que buscan seguir vivindo de xeito independente, na súa contorna e vivenda, que moitas veces han de adaptar en

espazos e tecnoloxía que lles facilite este obxectivo. A tecnoloxía, os dispositivos móbiles adaptados, a robótica, os vehículos intelixentes, os servizos de lecer personalizados, as actividades de motivación, a alimentación de proximidade e saudable, etc., son algunha das ramas con grande potencial de desenvolvemento. É por iso que a economía prateada pode transformar moitos dos problemas económicos que habitualmente se achacan ao envellecemento en oportunidades de mercados novos e emerxentes con expectativas de rendibilidade e amplo espectro a nivel mundial. Aumento do PIB, creación de emprego e mellora da calidade de vida forman un trípede indisoluble da economía prateada.


En España, os cambios nos patróns de consumo rexistrados dende o ano 2008 reflicten este troco de roles. Lonxe do que ocorreu nas décadas dos oitenta e noventa, a renda dispoñible dos máis novos estancouse -ou incluso diminuíu para os menores de 25 anos debido aos problemas de desemprego e á devaluación salarial- naméntres nos fogares con maiores retirados á fronte aumentou, con crecementos por riba do 4% anual. Esta tendencia, lonxe de pararse vai a continuar nos vindeiros anos e con ela tamén os novos patróns de consumo e oportunidade de negocio.

Galicia, que vai por diante no cambio demográfico, pode ser un grande laboratorio para desenvolver estas actividades. A proximidade da administración local á cidadanía e o seu tecido organizativo facilita un coñecemento inmediato da realidade,

problemática e potencial, que ben estruturada coa administración autonómica e os distintos axentes sociais, pode facilitar a toma de decisións e servir de panca para o desenvolvemento dun tipo de liderado económico intersectorial enfocado aos maiores. Se mapeamos o territorio segundo o índice de poboación con 65 anos ou mais sobre o total, obsérvase (gráfico 15) que o 47% dos 313 concellos presenta unha porcentaxe superior ao 35% , que chega mesmo a superar o 50% en Rairiz de Veiga, Lobeira, Calvos de Randín, Ve-

rea, Avión, O Irixo, Sarreaus, Gome sende, O Bolo e San Xoán de Río. No outro extremo, por debaixo do 20% Teo, Poio, Gondomar, Soutomaior, Burela, Barbadás, Pontecesures, Ponteareas, Cambre, Culleredo, O Porriño, Arteixo, Oroso, Salceda de Caselas e Ames, o 4% do total de concellos. O resto está nunha posición intermedia, que pode resultar moi interesante para o desenvolvemento dun novo concepto de envellecemento activo e saudable, mais aínda nas actuais circunstancias sociosanitarias.

**Gráfico 15. Peso relativo dos concellos segundo a % de poboación > de 65 anos sobre o total**



Fonte. Elaboración propia, IGE.

A situación producida pola pandemia da Covid-19 vai a acelerar procesos estratéxicos que xa estaban en marcha e virar a atención socio sanitaria cara a unha vertente máis social, cunha orientación público-privada e con grandes oportunidades empresariais ligadas á silver economy, o que pode tamén acelerar a silver Teach e

con ela dar un pulo ao tecido empresarial de primeiro nivel tecnolóxico, onde a innovación e a dixitalización piden paso. A tecnoloxía aplicada aos maiores é un elemento fundamental da nova economía con múltiples usos, dende a robótica aplicada á dependencia, pasando pola intelixencia artificial no fogar, produtos para aumentar

a capacidade sensorial persoal, solucións relativas á mobilidade, nanomedicina, etc. Todo un abano de novos servizos que, so a modo de exemplo, se pode ilustrar coa seguinte relación:

- Saúde conectada a través de dispositivos mHealth –ou saúde asistida a través do móbil- para a prevención, diagnose e monitoreo das enfermidades, cun avance no benestar e personalización de tratamentos.

- Robótica para axudar no coidado pero tamén como provedora de actividades que permitan a interacción da poboación maior, pouco acostumada á tecnoloxía.

- Paquetes turísticos adaptados, coa inclusión da mHealth, que permiten a desestacionalización do mercado.

- Servizos de atención integrados con conectividade nos fogares, que melloren a atención e axuden a superar o aillamento social que sofren algúns maiores.

- Desenvolvemento dun entorno intelixente capaz de empoderar á poboación, de xeito e que lle permita vivir o maior tempo posible de xeito independente, activo e saudable.

- O uso da big data como instrumento de análise para a provisión de servizos de ámbito tan diferentes coma os financeiros, estilo de vida activo e saudable, nutrición personalizada, medicina preventiva, etc.

- Promoción da educación cunha ver-

tente de reformatión e outra de preparación para o uso das novas tecnoloxías.

- O avance nos driverless, é dicir, coches sen condutor e a adaptación do transporte público á mobilidade dos maiores, o que permitiría á vez avanzar no grao de interacción social.


Nalgúns dos casos sinalados, as solucións aínda non están no mercado, pero espérase que isto suceda en menos dunha década. Para a súa implantación é preciso contar con políticas, servizos e estruturas adaptadas á contorna física e social, que faciliten o desenvolvemento de proxectos, unha oportunidade para o capital local, así como é imprescindible o feito de salvar a fenda dixital existente.

No contexto da Unión Europea, España segue a ser un dos países con maior inequidade dixital. Máis de catro millóns de cidadáns nunca utilizaron internet, é dicir, un 12,7% dos maiores de 16 anos (segundo a Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de la Información y la Comunicación, 2019) boa parte dos cales teñen máis de 65 anos. Contrasta este dato co acceso case universal dos mais novos, aqueles que teñen entre 16 e 24 anos, que revelaron un 99% de acceso.

Este comportamento pode verse en perspectiva comparada de España no contexto da OCDE, onde o gap global entre usuarios de internet por rango de idade é do 46,6%, lonxe do 15% do Reino Unido, o 25% de Alemaña ou o 28% de Francia, país que partía dunha situación semellante a España hai menos dunha década, pero que conqueirou avances significativos.




### Gráfico 16. % Non conectados a internet segundo idade



Fonte. Elaboración propia, INE

### Gráfico 17. Gap entre usuarios de internet por rango de idade



Fonte: OCDE



A fenda dixital entre xeracións avanza paseniñamente en termos absolutos aínda que perde ritmo en datos relativos, ao non se actuar nas causas que aceleraron esta distorsión, como foron a falta de investimento en infraestruturas dixitais, a desigualdade de xénero en idades adultas, a idade media da poboación e o nivel formativo de acceso a estas habilidades.

Pero non só en termos de comparativa exterior se poden ver estes datos, a exclusión dixital ten tamén a súa expresión en chave territorial interna. Así, a prestación do servizo de internet a velocidade lenta

chega a 1 de cada cinco liñas, que non acadan os 10 Mbps de velocidade máxima; hai máis de dous mil concellos aos que non chega a tecnoloxía 4G e 39.000 núcleos situados en zonas brancas de internet onde residen máis de 3 millóns de españois. Neste contexto, Galicia ten avanzado moito nos últimos anos, onde reduciu a menos da metade a fenda dixital que existía. Malia iso aínda hai 120.000 fogares que non teñen acceso á rede de alta velocidade (é dicir máis de 30Mbps) nuns 13.296 núcleos que representan o 28% das zonas brancas NGA do total

**Gráfico 18. Equipamento de tecnoloxías Galicia/media España (2019)**

**Viviendas con algún ordenador**



**Viviendas con algún ordenador**



**Vivendas con teléfono móbil**



**> 75 anos que utilizaron internet último ano**



Fonte: elaboración propia, INE.




nacional, segundo os datos do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Digital (2020). Normalmente os concellos urbanos e máis poboados contan cos servizos avanzados en contraposición co que ocorre naqueles rurais e pequenos, con menos posibilidades de conexión a internet de alta calidade. Lugo e Ourense son as provincias con peor conectividade avanzada, seguidas de A Coruña e Pontevedra. Esta situación prevese que cambie antes do 2025 tras a aplicación dos plans europeos, nacionais e autonómicos, que contan con achegar a banda ancha rápida ao 90% da poboación nos vindeiros anos e a xeneralización da expansión da banda ultrarrápida, por riba dos 100Mbps. Para cando chegue, os fogares contan con equipamento e tecnoloxía individual que, para o caso dos teléfonos móbiles equipárase á media nacional, aínda que segue lixeiramente por debaixo no caso de foga-

res con ordenador e acceso contratado a internet.

O gráfico 18, que resume o panorama comparado a nivel español no tocante ao equipamento de tecnoloxía amosa no último mapa desta serie unha distancia significativa do acceso dos maiores de 75 anos a internet. Mentres que en Galicia o 18% deste colectivo utilizara internet no último ano, porcentaxe seis puntos inferior á media nacional, en Aragón fixérono un 29,5%, o que representa a maior taxa do país. Si se mira o detalle dos servizos de internet máis utilizado polos maiores de 75, destaca o envío de correo electrónico, a busca de información sobre temas de saúde e acceso á banca electrónica, con ausencia total de uso de servizos relacionados coa participación cívica e política, cursos online ou interacción con equipamentos do fogar (Gráfico 19), que é tímido tamén no conxunto español.

**Gráfico 19. Servizos de internet usados por maiores de 75 anos ou mais (%)**



Fonte, Elaboración propia, INE (2019)

Con estes datos acábase de evidenciar que a fenda dixital interxeneracional é significativa en Galicia, mais o camiño percorrido dende o ano 2006 deixa un lugar á esperanza da converxencia europea no medio prazo. Para iso é necesario posicionarse e recuperar o tempo perdido en aspectos fundamentais da dixitalización, en concreto tres factores como son a) completar o tecido de infraestruturas de alta capacidade, b) facer asequible o acceso á conexión e aos equipamentos, así coma c) proporcionar os coñecementos ou habilidades técnicas a tódolos usuarios, facendo especial fincapé naqueles que non son nativos dixitais. A poboación obxecto

de actuación para pechar a fractura social dixital está localizada e segmentada, so queda avanzar e executar as propostas efectivas para superar a impermeabilidade tecnolóxica dos maiores.

O ecosistema Silver Tech precisa rachar con estas barreiras e desenvolver estándares comúns para os produtos e servizos, mellorar a interoperabilidade dos dispositivos, desenvolver solucións TIC, avanzar na protección de datos, sensibilizar sobre os beneficios das solucións intelixentes para o fogar, etc. O que require dunha aposta clara pola innovación, a tecnoloxía e a educación –tanto dos usuarios e daqueles que traballan a carón deles–.



## CONSIDERACIÓNS FINAIS

As transformacións demográficas que se esperan para as próximas dúas décadas están condicionadas polo contexto físico, social e económico no que se desenvolven que, lonxe de ser procesos estáticos son dinámicos en continua transformación. A poboación é parte fundamental destes procesos e o desenvolvemento dos mesmos abrangue ámbitos tan diferentes coma a reprodución, a saúde, a mobilidade, as migracións, as dinámicas familiares, a economía, os avances tecnolóxicos, a cohesión territorial, a formación, etc. Porén, a xestión deste cambio obriga a adoptar una visión transversal e interdisciplinar en aspectos que son retos e tarefas fundamentais que deben asumir tanto os axentes sociais e económicos coma a propia administración en tódolos niveis.

É fundamental unha radiografía e localización das necesidades da poboación, como punto de partida á hora de abordar os elementos determinantes antes de establecer unha estratexia de intervención integral. Da diagnose realizada tírase que hai unha relación intrínseca entre a economía e a evolución demográfica, sen que as tendencias que apuntan agora sexan necesariamente profecías cumpridas, senón que tanto os comportamentos coma as tendencias descritas pódense mudar. Para iso, ademais de incidir nos factores de crecemento da economía, é preciso artellar políticas coordinadas de reorientación e optimización dos servizos públicos, ben sexa en educación, servizos de apoio á natalidade, sanidade, vivenda, migración, atención á dependencia, benestar, acceso a internet ou mobilización de recursos.

A prolongación de tódalas etapas vitais –pero sobre todo a da mocidade e vellez– deben levar a considerar a configuración actual do sistema de traballo, que permanece ancorado nunha xubilación efectiva a unha idade que xa non corresponde coa vellez mais aínda tendo en conta o retraso da incorporación ao mercado laboral dos mais novos. Este retraso, xunto coa precariedade e falta de estabilidade laboral, son factores chave no retardo do calendario fecundo que explica xa, por si mesmo, a menor taxa de natalidade. A fenda existente entre a natalidade desexada e a alcanzada comeza precisamente aquí e podería corrixirse con políticas de incentivos ao emprego, a vivenda e medidas sociais encamiñadas a facilitar a emancipación dos xoves así coma unha redistribución das responsabilidades de crianza entre as familias e o Estado, que favorezan a equidade entre ambos proxenitores, a extensión da conciliación e a corresponsabilidade nos coidados. Con todo, estes procesos son longos, a dinámica poboacional actual non vai mudar dun día para outro só con esta actuación, de xeito que son determinantes outros movementos coma poden ser os migratorios.

O reto consiste, pois, en encaixar a conciliación coa corresponsabilidade a tódolos niveis, cara abaixo pero tamén cara arriba, para o que deberá terse en consideración a configuración das novas estruturas familiares que esixen, canto menos, repensar o armazón do Estado do benestar. O efecto sándwich xeracional descrito no corpo do traballo tense trasladado –e cada vez máis– ao inicio da vellez, onde

conviven demandas simultáneas de apoio aos netos e proxenitores dependentes. A desaparición do familiar non activo –xeralmente muller– antes principal pilar de apoio e sustento dos coidados, acompáñase dunha configuración xeneracional máis homoxénea, sobre todo no rural, no que os maiores coidan dos maiores, o que converte o tecido social en especialmente vulnerable e esixe un redeseño das redes de coidados. Neste contexto é fundamental realizar esforzos de adaptación das contornas, comezando polas propias vivendas e continuando polo territorio que ha de xirar cara a modelos saudables e amigables cos maiores. É habitual que os servizos deseñados e pensados para zonas de alta densidade demográfica se trasladen de xeito mimético a estes territorios, o que é pouco eficiente e aporta escasa calidade de vida. Demándanse servizos específicos que permitan chegar os apoios a todo o territorio, coas respostas adaptadas ás especificidades de cada lugar, co fin de proporcionar coidados iguais en condicións diferentes. Haberá que pasar dunha oferta de servizos baseados exclusivamente no coidado persoal a outros cun perfil máis tecnolóxico, maior abano e variedade, que se vaia adaptando ás distintas etapas da vellez.

Neste senso ha de producirse unha revolución acompañada no sector sanitario, para acabar fusionando as súas prestacións coas sociais nunha área integrada na que a atención primaria permita actuacións proactivas e preventivas, que proporcionen unha atención personalizada e descargue ao sistema das intervencións curativas.

Alén dos coidados, o cambio na confi-

guración por estratos da poboación abre un campo de posibilidades para que poidan desenvolverse bens e servizos relacionados coa economía prateada –silver economy–, no que está case todo por facer. Isto abre a porta á especialización de Galicia en áreas de alto valor engadido cun amplo mercado a nivel mundial e en ascenso. A biomedicina, o sector farmacéutico, a nanotecnoloxía, o inmobiliario adaptado e con demótica dos fogares, a I+D+I volcado na silver tech, os servizos financeiros, os avances nos vehículos, o turismo especializado, o sector agroalimentario de proximidade e biosaudable, son so algunhas das oportunidades que se abren a medida que medra a proporción de xente maior, con cada vez máis poder adquisitivo e durante máis tempo.

Para a adaptación aos cambios que de xeito prospectivo se albiscan, han de implementarse medidas de estímulo que alenten o investimento privado cara un enfoque dixital da prestación de servizos, que impulse o desenvolvemento de actividades de base tecnolóxica e fomento o intraemprendemento, a colaboración público-privada que conta, ademais, co activo importante de tres universidades ao servizo do tecido produtivo e o fomento da formación para tódalas xeracións, co obxectivo de romper os compartimentos estancos do coñecemento e a formación, sobre todo no relacionado co acceso ás novas tecnoloxías.

Políticas, servizos e estruturas adaptadas á contorna física e social das persoas que permitan a permanencia activa dos cidadáns á vez que abren horizontes de crecemento económico. O libre desenvolvemento das familias, a conciliación, a

corresponsabilidade, a cohesión social e a calidade de vida, a dinámica económica e o impulso produtivo deben convivir cunha nova magnitude económica que xa é significativa. Espérase que na próxima década o 40% dos empregos estean relacionados –directa ou indirectamente- coa prestación de bens e servizos para os silver que, ademais, posúen a metade total do patrimonio do país e 9 de cada 10 teñen vivenda en propiedade. Un potencial de consumo que abre un horizonte novo a sectores clásicos que han de adaptarse e, sobre todo, despois do vivido durante a pandemia da COVID-19. Este é o momento para mudar a base do sistema económico galego, abordar a transformación dixital do país –sin excepción- e apostar por un desenvolvemento verde e sostible, que permite non só reter senón sobre todo atraer poboación. O futuro, tamén o demográfico, está aínda por escribir.

## RECOMENDACIÓNS E PROPOSTAS

Da visión transversal e multidisciplinar coa que o documento aborda os problemas e as oportunidades que se abren coa configuración poboacional de Galicia, cómpre actuar en diversos eidos dun xeito coordinado. Sirva esta relación de propostas como alicerce para a actuación de tódolos axentes –públicos e privados- ao redor das estratexias defensiva, proactiva e reactiva que se requiren para afrontar as debilidades e ameazas ao tempo que aproveitar as fortalezas e oportunidades que se presentan. As dúas primeiras ac-

túan sobre o impacto negativo das ameazas e debilidades da comunidade para tratar de transformalas en oportunidades e superar así as debilidades, mentres a reactiva quere adiantarse para tirar proveito das fortalezas e oportunidades.

Tódalas medidas levan consigo unha orientación á reactivación económica e ao crecemento nun contexto que se albisca complicado non só pola dinámica da poboación, senón tamén polos efectos que a COVID-19 terá nos vindeiros anos, nun escenario de maior competitividade a nivel nacional e internacional e co reto de acadar a dobre transición, dixital e medioambiental. Iso pasa, ademais de por un conxunto de medidas dirixidas a aumentar os niveis de produtividade no conxunto da economía galega –que iremos debullando nos catro traballos posteriores que está a elaborar Galicia 2040- e a posicione en termos de competitividade no contorno europeo e global, alomenos pola aplicación de medidas que integramos en catro eixos:

### I. Dinamización económica<sup>4</sup>

1. Transitar cara unha economía industrial, dixital e verde que procure un crecemento dinámico.
2. Impulsar a innovación e adaptar a formación como base do sistema produtivo.
3. Intensificar a transferencia de coñecemento e a I+D+i, incidir nas políticas de

*4. As propostas sobre dinamización económica –de carácter económico e tecnolóxico- son un aspecto fundamental da dinámica demográfica e serán desenvolvidos con detalle en posteriores traballos do grupo de traballo do Foro Económico de Galicia, Galicia 2040, sendo isto unha mera enumeración de liñas fundamentais sobre as que traballar.*

interrelación entre a Universidade, a Formación Profesional, a administración e a empresa.

4. Apostar polo investimento na comunidade, cunha cultura de innovación e internacionalización, que aumente o peso da industria e aproveite os recursos endóxenos.

5. Aproveitar e desenvolver o uso das TICs e demais infraestruturas para maximizar o seu uso e unha maior integración territorial e social.

## II. Potenciación dos servizos socio-sanitarios

6. Aproveitar o potencial de todo o capital humano dispoñible coa introdución de accións tendentes á conciliación e axuda familiar que permitan socializar o coidado de pequenos e maiores.

7. Adaptar os recursos á conciliación da vida laboral e familiar

8. Eliminar as trabas de promoción laboral ás que se enfrontan as mulleres en idade reprodutiva e con fillos.

9. Apostar, de xeito decidido e mantido no tempo, por políticas públicas que, xunto ao crecemento económico, faciliten as condicións de vida e de reprodución da poboación nova.

10. Desenvolver servizos que permitan desfamiliarizar os coidados.

11. Promover o edadismo naqueles territorios onde a homoxeneidade xeracional ameaza con desertizar zonas enteiras.

12. Promover a investigación ligada á biomedicina e medicina rexenerativa.

13. Buscar un mellor equilibrio no sistema sanitario entre coidados críticos e coidados crónicos, estes últimos ata o presente claramente subdesenvolvidos.

14. Ligar os servizos sociais e os sanitarios para formar unha unidade de atención única.

15. Redefinir o rol dos centros de saúde e implicar á medicina familiar de xeito proactivo na atención domiciliar en coordinación cos servizos sociais e terapéuticas ocupacionais.

16. Apostar polas ferramentas de xestión e as tecnoloxías de innovación para volcar a atención cara a telemedicina, telecoidados, telemonitorización, etc.

17. Reforzar a asistencia preventiva e a promoción da autonomía persoal con especial atención ao ámbito rural.

18. Desenvolver servizos de transporte público accesible para os maiores de xeito autónomo.

19. Aplicar os procedementos que permitan manter e mellorar a autonomía persoal dos maiores dentro do seu entorno habitual.



20. Desenvolver programas de envelhecimento activo e inclusivo.

21. Formar á poboación e aos distintos axentes como consumidores avanzados de bens e servizos que aposten pola calidade e o autóctono, inseridos en novas pautas de consumo saudable e preventivo.

22. Orientar os programas formativos e de adquisición de competencias dos cuidadores cara aos aspectos telemáticos.

23. Desenvolver empregos relacionados cos novos servizos asistenciais de atención ao envelhecimento e á dependencia.

24. Promover o desenvolvemento de produtos tecnolóxicos relacionados coas persoas maiores, para dentro e fóra da comunidade.

25. Especializar á comunidade na resposta intelixente do polo socio-sanitario dos maiores, que sirva para formar un tecido empresarial que aproveite os produtos resultantes para vender e exportar ao resto do mundo.

26. Combinar a atención a maiores en centros residenciais coa adaptación dos seus fogares para poder permanecer na súa contorna o maior tempo posible cunha atención personalizada.

27. Redistribuír os servizos, equipa-

mentos e infraestruturas de atención socio-sanitaria de maneira equilibrada no territorio.

### III. Política migratoria

28. Consolidar programas de retorno de emigrantes, con especial atención aos mais novos.

29. Potenciar as accións para reducir os procesos de fuga de talento, tratando de reter o talento universitario e manter un diálogo permanente entre as empresas e o sistema universitario para acadar a retroalimentación.

30. Favorecer a apertura da economía e da sociedade á entrada de inmigrantes, facendo a rexión atractiva, co apoio nas ferramentas TIC para transmitir ideais de creatividade, responsabilidade social e cultura galega.

31. Garantir servizos de inclusión e integración social dos estranxeiros.

32. Orientar unha parte da política de vivenda para facilitar o retorno dos emigrados e a instalación dos inmigrantes, con medidas tendentes á recuperación e rehabilitación de vivendas valeiras.

33. Procurar o desenvolvemento económico equilibrado a nivel territorial que preveña da exclusión territorial e permita termar do patrimonio cultural e ambiental.



#### IV. A Economía prateada.

34. Avanzar na implantación do ecosistema Silver Tech, desenvolver estándares comúns para os produtos e servizos e facer factible a interoperabilidade dos dispositivos a través da promover a:

a. Robótica aplicada á dependencia.

b. Implementación dos dispositivos mHealth –a través do móbil- para a prevención, diagnose e monitoreo das enfermidades e tratamentos.

c. O uso da intelixencia artificial entre a poboación maior, pouco acostumada á tecnoloxía, aínda que cada vez máis familiarizada con ela.

d. Instalación de servizos de atención integrados no fogar

35. Preparar aos maiores para o uso das novas tecnoloxías.

36. Contar con políticas, servizos e estruturas que permitan aproveitar as novas oportunidades da silver economy para desenvolver o capital local.

37. Apoiar a investigación biomédica, farmacéutica e nanotecnolóxica.

38. Implicar e conectar ao sector da construción co da I+D+i na especialización da reforma e adaptación das vivendas ás necesidades físicas e tecnolóxicas dos maiores.

39. Incorporar a educación financeira para a preparación dos mais novos e maiores á nova realidade fintech.

40. Potenciar o subsector turístico adaptado e que incorpore o mHealth.

41. Alentar a investigación práctica que avance no driverless, cun importante impacto no clúster da automoción.

42. Desenvolver mecanismos avanzados de protección de datos, para o que se debe contar coa implicación da universidade.

43. Implementar medidas de estímulo que alenten ao sector público e privado a volcarse cara a un enfoque dixital da prestación de servizos que impulsen o desenvolvemento de actividades de base.



## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS Y DOCUMENTALES

Bengoa, R. (2020). *Acelerar la transformación del sistema de salud y social en Galicia*, Foro Económico de Galicia.

Docampo, D. (2018): *Diagnóstico actual e propostas de futuro para a dixitalización en Galicia*, Wp23, Foro Económico de Galicia.

Fernández, M. (2020): *Efectos de la evolución de la población sobre las infraestructuras y la prestación de servicios del Estado de Bienestar*. El caso de Galicia. Foro Económico de Galicia.

INE (2019): *Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de la Información y la Comunicación*, Madrid.

Kalache, A. (2009). “ Towards age-friendly societies: from research to policy, from policy to society” *International Journal of Integrated Care*, 9 (1).

Puga, D. (2020): *Tendencias demográficas y Estado de Bienestar: nuevas familias y apoyo a la vejez. Una reflexión para Galicia*. Foro Económico de Galicia

Rodríguez-Galdo, M. (2020): *Escenario demográfico en Galicia: cambio de paradigma y movilidad de la población*, Foro Económico de Galicia.

VV.AA. (2019). *Informe: perspectivas demográficas de Galicia*, Consellería de Política Social, Xunta de Galicia.

**[www.foroeconomicodegalicia.es](http://www.foroeconomicodegalicia.es)**

O Foro Económico de Galicia é unha plataforma de transferencia de coñecemento en materia económica dende as empresas e universidades galegas á sociedade e aos espazos de decisión pública. O Foro integra a profesores e investigadores, empresarios e directivos representativos dos diferentes sectores e áreas de Galicia, e xornalistas galegos de referencia.



SOCIOS



**//ABANCA**

# GALICIA 2040

DINÁMICA DEMOGRÁFICA E CAMBIO DE PARADIGMA.  
NOVOS ESCENARIOS DA XESTIÓN SOCIAL  
DO ENVELLECIMENTO

XOSÉ CARLOS ARIAS  
DOMINGO DOCAMPO  
MARÍA CADAVAL  
FRANCISCO ARMESTO